

# **Regulamento do Traballo Fin de Grao en ADE**

## **Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais**

**Aprobado na Xunta de Facultade de 30 de maio de 2016**

### **Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación**

Este Regulamento do traballo fin de grao (TFG) en ADE ten por obxecto a regulación do proceso de realización e avaliación dos TFG da titulación de Grao en ADE que se imparte na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Desenvólvese ao abeiro da Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster da Universidade de Santiago de Compostela

### **CAPÍTULO 1. CONSIDERACIÓNS XERAIS**

#### **Artigo 2. Características do TFG en ADE**

Segundo o RD de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, *as ensinanzas de grao concluirán coa elaboración e defensa dun traballo fin de grao.*

O plan de estudos de Grao en Economía establece para esta materia una carga lectiva de 6 créditos. Os traballos fin de grao serán individuais.

#### **Artigo 3. Obxectivo do TFG**

Segundo aparece recollido no plan de estudos, o TFG consiste na elaboración, por parte do alumnado, dun traballo persoal onde se integren (traballo de síntese) e apliquen os coñecementos e destrezas obtidos durante os estudos realizados na titulación de Grao en ADE, e se desenvolvan, dentro das que aparecen na ficha do TFG na Memoria do Grao en ADE, as seguintes competencias:

- Ser capaz de definir os obxectivos do traballo, identificando o problema a resolver ou o obxectivo de coñecemento a alcanzar
- Ser capaz de deseñar as tarefas, organizar os pasos a seguir para alcanzar os obxectivos e desenvolver o traballo de acordo co plan definido.
- Saber buscar e seleccionar información relevante para o caso, problema ou obxecto de estudo, a partir de fontes do nivel de libros de texto avanzados, e incorporando algunhas achegas de textos científicos especializados.
- Facer uso dos coñecementos adquiridos ao longo dos estudos que sexan pertinentes para o obxecto do traballo, e integrar con eles a nova información conseguida.
- Ser capaz de organizar a información da que dispón e presentala de forma clara, sistemática e precisa, para que sexa comprendida por outras persoas.
- Saber identificar as limitacións e/ou as carencias do traballo realizado e propoñer suxestións de cara ao futuro.

#### **Artigo 4. Contidos do TFG**

O/a estudante deberá realizar e presentar un traballo no que demostre as competencias adquiridas ao longo dos seus estudos. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación e defensa. Dependendo da

temática que se aborde poderá incluír, ademais, unha parte empírica sinxela ou unha análise de casos.

### **Artigo 5. Comisión de Traballos de Fin de Grao (Comisión TFG)**

A Comisión de Traballos Fin de Grao, cuxa composición se aprobará na Xunta de Facultade, será a encargada de exercer as competencias que se establecen no artigo 3 da Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM e as que se desenvolvan neste Regulamento. Entre elas estarán as seguintes:

- Propoñer anualmente a guía docente, na que se determinarán as diferentes formas de desenvolvemento, exposición e criterios de avaliación para o curso académico de que se trate, así como calquera outro aspecto de interese que se considere necesario.
- Establecer a convocatoria anual.
- Determinar os sistemas de titorización.
- Aprobar a proposta das liñas temáticas, dos temas e a súa asignación.
- Instrumentar e publicar un procedemento para a asignación dos titores e titoras e os temas que poderán desenvolverse na elaboración do traballo.
- Decidir sobre a modificación de temas e titores e titoras asignados.
- Fixar as características dos traballos (extensión, formato, contido mínimo...) dentro dos límites fixados neste Regulamento.
- Aprobar os tribunais de avaliación.
- Autorizar os traballos que se someterán a avaliación en cada oportunidade.
- Propor os prazos de entrega dos traballos e informes de seguimento e as datas de defensa dos traballos.
- Resolver as incidencias graves relativas a esta materia.
- Calquera outra que a Xunta de Centro lle encomende.

### **Artigo 6. Matrícula e réxime de convocatorias**

Rexerase pola convocatoria de matrícula de cada curso académico polo que respecta a requisitos, prazos e demais circunstancias.

Para poder formalizar a matrícula do TFG o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos, excluídos os correspondentes ao TFG.

A matrícula dará dereito á entrega e defensa do traballo en dúas oportunidades en calquera das previstas no curso no que estea matriculado e reportará os prezos públicos establecidos, sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. A obtención de *non presentado* nalgunha das oportunidades ou en todas computarase para os efectos de consumir a convocatoria. Para poder presentarse a unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

Unha vez formalizada a matrícula, non procederá a devolución dos prezos aboados no caso de non presentarse. No suposto de que o alumno ou alumna non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria.

## **Capítulo 2. Propostas, tutores/as e asignación dos TFG**

### **Artigo 7. Titor/a do TFG**

Cada TFG require un titor/a que será persoal docente e investigador (PDI) das áreas que impartan docencia na titulación.

Os TFG poden desenvolverse parcialmente no marco de convenios con empresas ou institucións, ou no marco de convenios de intercambio de estudantes (ERASMUS, SICUE...), sempre que o convenio o permita.

Caberá a posibilidade dun cotitor ou cotitora no suposto de que as características do TFG ou do titor ou titora así o aconsellen.

### **Artigo 8. Títulos dos TFG**

O Centro fará unha estimación do número de propostas de TFG necesarias en cada curso académico e o Decanato informará a cada Departamento sobre cantas destas propostas lle corresponde presentar. Os departamentos enviaránlle as propostas ao Decanato, que lle remitirá a información á Comisión de Traballo Fin de Grao dentro dos prazos que se establezan. A Comisión aprobará a lista provisoria de títulos e tutores/titoras.

### **Artigo 9. Asignación dos títulos dos TFG.**

Rematado o prazo de matrícula, a Comisión TFG abrirá o proceso para o desenvolvemento dos Traballos Fin de Grao nese curso académico. Primeiro extraeráse a lista de alumnado repetidor que, polo procedemento que se indique, deberá comunicar se desexa repetir título e titor/a (para o que debe obter o visto e prace dese titor ou titora) ou se se vai someter ao procedemento novo de asignación que se vai abrir, onde se integrará no caso de que non fose posible esa repetición. Esta opción para o alumnado repetidor só poderá efectuarse unha vez.

Posteriormente, publicarase a lista de alumnado admitido ao proceso de asignación dos traballos, con indicación da nota media do expediente coa que concorrerán ao proceso, e a listaxe definitiva de títulos e tutores e titoras. Na mesma lista, á parte, figurará o alumnado co traballo asignado do curso anterior.

O alumnado entregará un formulario de solicitude, que estará dispoñible no sitio web establecido para estes efectos, indicando por orde de preferencia os títulos e tutores e titoras da súa elección.

A asignación de propostas nesta primeira fase realizarase, tendo en conta as preferencias expresadas polo alumno ou alumna na petición de asignación, seguindo un criterio de prioridade en función do expediente académico de cada solicitante. Para garantir que lles sexa asignado un título, cada estudante indicará na súa solicitude cando menos un número de títulos suficiente en función do lugar que ocupe na lista de admitidos. No caso de non facelo, poderá concorrer á segunda fase de asignación que se describe no parágrafo seguinte .

Para o alumnado que se matricula do TFG no prazo de modificación de matrícula, ao ser esta unha materia de segundo cuatrimestre, a Comisión abrirá unha segunda fase de asignación de títulos e tutores e titoras para estes estudantes, seguindo o mesmo procedemento indicado na primeira fase e tendo en conta que a oferta de títulos e tutores e titoras será a daqueles TFG non asignados coa primeira matrícula.

### **Artigo 10. Funcións do titor/a**

O titor ou titora programará sesións de traballo con cada estudante, que serán as que indique a normativa da USC, nas que establecerá a programación das tarefas que debe realizar e orientará o traballo. O titor ou titora debe emitir informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento.

## **Capítulo 3. Características dos TFG**

### **Artigo 11. Extensión do TFG**

A extensión do TFG será de entre 6.000 e 10.000 palabras.

### **Artigo 12. Traballo a presentar**

O documento presentado amosará o traballo desenvolvido polo alumno ou alumna. Como norma xeral, incorporará como mínimo os seguintes apartados:

- a) Páxina inicial: Nesta páxina aparecerá:
  - i) O título completo do TFG.
  - ii) O seguinte parágrafo: “Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en ADE”.
  - iii) Curso académico de presentación.
  - iv) Nome do/da estudante.
  - v) Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Universidade de Santiago de Compostela.
- b) Breve resumo de 300 palabras como máximo. Nesta mesma páxina indícarase o número de palabras do traballo.
- c) Índice de contidos, de táboas...
- d) Introducción: nela figurarán, cando menos, os obxectivos do TFG.
- e) Traballo realizado: incluírá o desenvolvemento do TFG. No caso de que o traballo inclúa unha parte empírica ou unha análise de casos, estará descrita e presentada neste apartado.
- f) Conclusións e posibles ampliacións: debe incluír de que xeito o traballo realizado cumpre os obxectivos do apartado d), así como cales son as limitacións do traballo e as posibles ampliacións.
- g) Bibliografía: incluírá, cando menos, a bibliografía empregada para a realización do traballo.

Esas características son de obrigado cumprimento para superar o TFG.

O formato no que ten que ser presentado o TFG será establecido pola Comisión de TFG e publicado na guía docente da materia.

## **Capítulo 4. Avaliación do TFG**

### **Artigo 13. Prazos.**

A Xunta de Facultade aprobará a guía docente e os períodos de avaliación dos TFG, que se publicarán xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

#### **Artigo 14. Requisitos de avaliación**

Os TFG só poderán ser avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todas as materias restantes do plan de estudos e dispón de todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao, agás os correspondentes aos propios traballos.

O Centro deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa defensa. Para estes efectos, no caso de que na data de defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de avaliación das materias, o secretario ou secretaria do Centro solicitaralle ao profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia defender os traballos na mesma convocatoria. Estes informes teranse en conta no momento de cualificación dos traballos. traballos. A Comisión de TFG aprobará e trasladaralle ao Decanato para a súa publicación a listaxe de alumnado autorizado xunto cos tribunais de avaliación para os casos que corresponda.

No caso de que algún ou algunha estudante defenda o TFG sen cumprir este requisito, esta avaliación non producirá efectos.

#### **Artigo 15. Solicitud de avaliación e depósito do TFG**

Nas datas de depósito de TFG que figuran na guía docente ou na web o alumnado deberá entregar unha copia dixital do TFG xunto cun formulario de “solicitud de avaliación” no que se indique o título do TFG en galego, castelán e inglés, tal e como figurará no suplemento europeo ao título.

Neste formulario o alumnado deberá elixir entre as seguintes opcións de avaliación:

- 1) Defensa pública perante un tribunal.
- 2) Defensa pública perante o titor ou titora. Neste caso, a cualificación máxima que poderá obter é de 7,5 puntos (Notable). O formulario, para o caso de avaliación polo titor ou titora, incluírá a data, hora e lugar de defensa pública decidida e asinada polo titor ou titora.

En todo caso, a defensa do TFG requirirá o informe previo e preceptivo do titor ou titora.

O depósito e solicitud de avaliación dun TFG implica a súa defensa na primeira oportunidade de avaliación que teña lugar. En caso de non superar esta oportunidade, o/a estudante pode solicitar a devolución dos orixinais e copias e deberá volver a realizar o depósito e solicitar a defensa pública na seguinte oportunidade de avaliación á que decida concorrer.

O alumnado que, unha vez feita a entrega do traballo e verificadas as condicións para a súa defensa, non se presente á defensa do TFG na data asignada, terá a cualificación de suspenso nesa oportunidade.

#### **Artigo 16. Tribunais de avaliación**

Cada Tribunal estará formado por tres membros que serán persoal docente e investigador da titulación, dos que cando menos un pertencerá ao departamento do titor ou titora e, cando menos, un suplente. Os titores ou titoras dos traballos avaliados non poderán formar parte dos tribunais. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

En cada Tribunal haberá un presidente ou presidenta e un secretario ou secretaria. Utilizarase o criterio de categoría docente e da antigüidade para nomear o presidente ou presidenta, que será o/a de maior categoría e o/a máis antigo/a, e o secretario ou secretaria, será o/a de menor categoría e o/a máis novo/a. O presidente ou presidenta e o secretario ou secretaria exercerán como tales en todas as actuacións. Procurarase que a participación dos membros dos tribunais sexa rotatoria.

No caso de que un dos membros do Tribunal non poida asistir e deba actuar o/a suplente, este/a substituirá ao membro ausente tamén no cargo que ostentaba dentro do Tribunal.

A Comisión do TFG aprobará e trasladaralle ao decano ou decana para a súa publicación e designación, os tribunais que actuarán en cada oportunidade de avaliación, unha vez coñecido o alumnado que efectuou o depósito para esa oportunidade.

#### **Artigo 17. Procedemento de avaliación polo titor ou titora**

O TFG do alumnado que expresamente así o solicite, segundo o establecido no artigo 15, será avaliado polo titor ou titora do traballo, quen deberá entregar no Decanato a copia da acta de cualificación.

A cualificación máxima que poderá obterse por este procedemento é 7,5 (Notable).

#### **Artigo 18. Defensa pública dos TFG**

Os TFG requirirán sempre de defensa pública e de xeito presencial. En casos excepcionais, debidamente autorizados pola Comisión Académica do Máster e coas garantías que se determinen, poderá realizarse a defensa por medios telemáticos.

Entre as modalidades de presentación e defensa dos traballos poden figurar a de exposición oral perante o titor ou titora, perante o Tribunal ou calquera outra que en cada curso académico se sinale na guía docente. Todos os detalles relativos á defensa do TFG serán publicados na guía docente.

#### **Artigo 19. Criterios de avaliación**

Tanto se o TFG é avaliado polo titor ou titora como se o avalía un tribunal de avaliación, realizarase un informe, segundo o modelo que se elaborará para estes efectos, no que se avaliarán os seguintes aspectos:

- a) Calidade do proxecto: cumprimento dos obxectivos propostos, adecuación e desenvolvemento das tarefas formuladas, conclusións...
- b) Presentación escrita do TFG: presentación xeral (lexibilidade, redacción, ortografía...), estruturación e completitude, corrección...
- c) Defensa pública: concisión, claridade, defensa do TFG...

No caso de que avalíe un tribunal de avaliación, este deberá ter en conta, no momento de cualificar o traballo, o informe previamente presentado polo titor ou titora do TFG.

A cualificación final será outorgada cos criterios e ponderacións establecidos na guía docente.

## **Artigo 20. Publicación e revisión das cualificacións**

Publicarase a cualificación nos taboleiros do centro nun prazo máximo de 2 días desde a data de defensa pública do traballo

O alumnado terá dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisionais.

## **Capítulo 5. Dereitos e deberes do alumnado. Publicación dos traballos.**

Os dereitos e deberes do alumnado serán os que figuran nos artigos 11 e 12 do *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela* (aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016).

O/A estudante deberá enviarlle ao titor ou titora o traballo finalizado coa antelación marcada na guía docente.

Unha copia electrónica dos TFG superados quedará depositada no Centro e poderán ser utilizados para usos académicos e de investigación na USC, coa mención específica aos seus autores ou autoras. Para estes efectos, o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo orixinal.

A Comisión de TFG poderán propoñer a publicación dos TFG que destaquen pola súa calidade. Os autores e autoras destes traballos, co visto e prace do titor ou titora, deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no repositorio institucional da USC

Os TFG deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización. De non ser así, a cualificación será de “suspense” na convocatoria, e o deber do titor ou titora ou do tribunal é poñelo en coñecemento da reitoría para os efectos de iniciar as accións disciplinarias que procedan, de conformidade co artigo 16 da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e revisión de cualificacións.

Con carácter previo á autorización da defensa, poderá realizarse unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos de propiedade intelectual. A partir desa análise, se a Comisión de TFG considera que se vulneran os citados dereitos, poderá denegar a defensa do traballo e aplicarase o indicado no parágrafo anterior.

## **Disposición Final. Entrada en vigor**

Este Regulamento será de aplicación a partir do curso 2016-2017, unha vez aprobado polo consello de goberno e publicado no Taboleiro Electrónico da USC

## **Disposición Derrogatoria.**

Queda derrogado o Regulamento de TFG en ADE aprobado na Xunta de Facultade de 18 de xuño de 2013.